



Método de referencia: Living English 2, ed. Burlington Books

CONTIDOS XERAIS DO CURSO		
Ao longo do curso	<p>B.1. Comprensión de textos orais. Comprensión oral de audicións en diferentes rexistros e formatos (conversacións, entrevistas e reportaxes de radios, monólogos, diálogos, boletíns informativos, críticas cinematográficas, presentación)</p> <p>B.2. Produción de textos orais. Planificación e execución de textos orais (producción na aula, presentacións, entrevistas, descrições de fotografías, pedir e dar consello, expresar opinións, mostrar acordo e desacordo, role-plays) expresados con claridade e coherencia, empregando recursos e pronunciación/entonación axeitados,</p> <p>B.3. Comprensión de textos escritos. Comprensión de textos en diferentes formatos (artigos, noticias, resumos, reseñas, correspondencia formal, manual de consulta, páxinas web) identificando a intención comunicativa, as ideas principais e a información específica. Predición do contido dun texto e inferencias. Identificación de sinónimos, antónimos e False Friends. Comprender o significado de palabras polo seu contexto.</p> <p>B.4. Expresión de textos escritos. Planificación e execución de textos escritos (descriptivos, narrativos de opinión, críticas cinematográficas, resumos, cartas ou correos formais, argumentativos, noticias, ben estruturados, con recursos lingüísticos axeitados, unha boa ortografía e puntuación, así como unha mensaxe ben xustificada.</p>	
CONTIDOS SINTÁCTICO-DISCURSIVOS ESPECÍFICOS DE CADA UNIDADE		
1ª AVALIACIÓN	Unidade 0	<p>B.5. Lingua. Vocabulario e gramática. Repaso de vocabulario e tempos verbais simples. Conectores I: Orde, secuencia, exemplos e comparación.</p>
	Unidade 1	<p>B.5. Lingua. Vocabulario e gramática. Comprensión do vocabulario relacionado cos costumes propios doutras culturas. Uso correcto do xerundio e do infinitivo. Estudo e práctica dos substantivos, adxectivos e adverbios. Sufixos. Identificación de False Friends. Expresión de acción presentes, pasadas e futuras en tempo perfecto. Expresións temporais. Conectores II: temporais Pronunciación I: vowels</p>
	Unidade 2	<p>B.5. Lingua. Vocabulario e gramática. Aprendizaxe de vocabulario relacionado coa ciencia-ficción. Aprendizaxe de <i>phrasal verbs</i>. Formación de adxectivos compostos. Uso e formación dos catro tipos de oracións condicionais. Uso correcto das oracións temporais. Uso e formación das oracións desiderativas (<i>I wish...</i>). Paráfrase. Pronunciación II: diphthongs Conectores III: condicionais</p>

2ª AVALIACIÓN	Unidade 3	<p>B.5.Lingua.Vocabulario e gramática. Aprendizaxe de vocabulario relacionado co traballo, <i>collocations</i>, expresións con <i>job</i></p> <p>Uso e formación da voz pasiva. Uso e formación do causativo.</p> <p>Pronunciación III: /s/, /z/, /iz/ and /t/, /d/, /id/</p> <p>Conectores IV: finalidade</p>
	Unidade 4	<p>B.5.Lingua.Vocabulario e gramática. Comprensión e aprendizaxe de vocabulario e expresións relacionadas co deporte. Formación de palabras a partir da mesma raíz. Uso correcto dos verbos modais e os modais perfectos.</p> <p>Pronunciación V: /p,b/, /t,d/, /k,g/</p> <p>Conectores V: adición e contraste</p>
3ª AVALIACIÓN	Unidade 5	<p>B.5.Lingua.Vocabulario e gramática. Aprendizaxe de vocabulario e de familias de palabras relacionadas co crimen. Phrasal verbs con múltiples significados. Uso e formación do estilo indirecto.</p> <p>Pronunciación VI: /f,ð/ /f,v/, /θ,ð/, /ʒ,ʒ/, /h/</p> <p>Conectores VI: causa e resultado</p>
	Unidade 6	<p>B.5.Lingua.Vocabulario e gramática. Substantivos e adxectivos seguidos de preposición. Comprensión do vocabulario clave relacionado co diñeiro. Oracións de relativo: <i>defining & non-defining relative clauses</i>.</p> <p>Expresións con <i>cost</i> e <i>price</i></p> <p>Pronunciación VII: /m,n,ŋ/ /j,w/</p>

PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

1. Resultado das probas obxectivas por avaliación e / ou finais
2. Resultados das tarefas encomendadas
3. Resultados da observación directa na aula

O alumnado realizará con regularidade textos tipo probas ABAU, exercicios de redacción (Writing), exercicios de listening e outros relativos ás unidades aprendidas que a profesora considere oportunos.

INSTRUMENTOS	1ª e 2ª AVALIACIÓN	PORCENTAXE	3ª AVALIACIÓN	PORCENTAXE
EXAMES	<i>Proba escrita 1 :</i> Gramática,vocabulario	40%	<i>Proba escrita 1 :</i> Gramática,vocabulario	30%
	<i>Proba escrita 2 :</i> exame tipo ABAU + Listening	50%	<i>Proba escrita 2:</i> exame tipo ABAU + Listening	70%
	<i>Proba oral</i>	10%		
TRABALLO DO ALUMNO/A (Rexistrado)	Interese, tarefas encomendadas, exercicios, participación, puntualidade na entrega de traballos, asistencia a clase co material...			

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN

Para obter avaliación positiva é necesario acadar un mínimo do 30% en cada unha das partes ou destrezas avaliadas (Gramática e vocabulario, Listening, Reading, Writing e Speaking). Se isto se cumpre , obterán o aprobado en cada período de avaliación os alumnos que teñan unha media positiva das cualificacións obtidas nas diferentes probas, sempre que se aprecie unha evolución no alumno. Así mesmo, é obrigatorio que o alumno faga todas as probas tanto escritas coma orais que o profesor indique.

Obterá cualificación negativa, cunha nota máxima de **4**, todo o alumnado que non realice algunha das probas ou non alcance un mínimo de 30 % en cada destreza ou parte avaliada.

No caso de existir evidencia de que un alumno copiara un exame total ou parcialmente, o profesor considerará a proba suspensa con 0 puntos, puntuación que se terá en conta na nota de avaliación.

A asistencia dos alumnos ás probas datadas é obrigatoria e só se repetirán en caso de enfermidade ou deber inexcusable de carácter público. Todas estas circunstancias deberán estar debidamente documentadas.

Dado que se trata dun curso final de etapa, excepcionalmente poderá realizarse unha proba extra a aquel alumnado que non acadara avaliación positiva unha vez calculada a media ponderada. Preténdese con isto darlle unha oportunidade máis a aqueles alumnos que estean a punto de acadar unha avaliación positiva do curso.

Esixírase ao alumnado o uso máximo posible da lingua inglesa na aula. O alumnado debe amosar unha actitude de respecto cara os seus compañeiros, o profesor/a, e a materia e deberá cumprir as regras necesarias para que a clase poida desenvolverse con normalidade.

CUALIFICACIÓN POR AVALIACIÓN

O aprobado estará en 5. Dado que a nota de cada avaliación é un número enteiro, o REDONDEO dos decimais realizarase do seguinte xeito:

-Redondearase á alza cando o/a alumno/a cumpra o apartado 2 dos procedementos e instrumentos de avaliación “ Resultado das tarefas encomendadas” :

Realización de exercicios e traballos de clase, realización de tarefas encomendadas para casa ou na aula, uso do inglés o máis posible, corrección dos erros , participación na aula, nos traballos de grupo, puntualidade e asistencia a clase co material requerido (libros, caderno...), interese e adicación á materia, puntualidade na entrega de traballos.

-Redondearase á baixa cando o/a alumno/a non cumpra eses procedementos e instrumentos de avaliación

“ Resultado das tarefas encomendadas” , mencionados anteriormente.

NOTA MEDIA XUÑO

Co fin de manter a avaliación continua e ao mesmo tempo valorar o traballo do alumno ao longo do curso, a cualificación final da materia será a media ponderada da cualificación obtida nos tres trimestres:

1ª avaliación: 20% da nota final do curso.

2ª avaliación: 30% da nota final do curso.

3ª avaliación: 50% da nota final do curso.

CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA

O exame da convocatoria extraordinaria terá un contido global e será similar en forma e contido aos exames de avaliación.

O alumno promocionará se acadará unha cualificación positiva de 5 puntos sobre 10 no exame.

PLAN DE REFORZO PARA ALUMNADO CON INGLÉS PENDENTE DE 1º BACHARELATO

As actividades de recuperación buscan a integración do alumno no curso superior. Neste grupo e curso instrumentaranse as medidas necesarias para atender as necesidades do alumno.

Faránselle indicacións e proporcionaráselle actividades que lle axuden á recuperación da materia pendente. Dotarase ao alumno do material necesario para poder levar a cabo estas actividades.

O profesor do curso actual fará o seguimento do alumno e daralle indicacións respecto as seguintes cuestións:

- a. Ritmo de traballo da materia pendente
- b. Actividades e exercicios a realizar e subir á Aula Virtual antes das proas de recuperación
- c. Datas das distintas probas que se programen

Criterios de avaliación para superar a materia pendente

É posible recuperar a materia pendente por dúas vías:

1. Aprobando a 1ª avaliación do curso actual , sempre e cando o/a alumno/a faga as actividades encomendadas .
2. Aprobando os exames da materia pendente que se realizarán en cada trimestre. A primeira proba, que se realizará no 1º trimestre, incluírá a primeira metade dos contidos do curso anterior. A proba do 2º trimestre incluírá todos os contidos da materia pendente. No caso de non recuperar a materia pendente nestas dúas avaliacións, o alumnado que teña inglés pendente de cursos anteriores terá a oportunidade de facer un exame final no 3º trimestre.

As datas para a realización destas probas serán:

1ª Proba: Luns 14/11/2022 (11:20-12:10)

2ª Proba: Luns 13/02/2023

3ª Proba: Luns 24/04/2023

Cualificación: exame (70%)+ actividades e traballo no curso actual (30%)

O alumno que non supere a materia pendente por ningunha das vías terá que presentarse con toda a materia na convocatoria extraordinaria.

O Departamento de Inglés